



DATOS IDENTIFICATIVOS

Pintura

Materia	Pintura			
Código	P01G010V01404			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OB	Curso 2º	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Pintura			
Coordinador/a	Huete Vales, Angel			
Profesorado	Huete Vales, Angel			
Correo-e				
Web				
Descripción xeral	<p>Esta materia trata sobre a aplicación de estratexias específicas, teóricas e prácticas dirixidas a dotar ao alumno das capacidades e coñecementos imprescindibles para unha correcta operatividade intelectual e técnica nas tarefas propias da producción pictórica.</p> <p>A pintura é unha actividade artística destinada a unha experiencia sensorial, intelectiva e de certa complexidade, e sérvese da ordenación e xustaposición de recursos materiais, plásticos e conceptuais en forma de marcas visuais. O territorio ampliado da pintura emprega signos visuais, xunto con outros procesos de significación que a técnica, a historia e o contexto implican no feito pictórico.</p> <p>O coñecemento perceptivo é inseparable da experiencia mental acumulada e dos procesos intelectivos de formación de ideas e de modelos. Proporase, por tanto, un proceso no que participen tres elementos de relación: a materia, os signos visuais básicos (plásticos e icónicos) e os sistemas a través dos cales materia e signos articulan coñecemento.</p> <p>Por outra banda, os elementos de significación, con independencia da presenza material de pintura, abren outra vía cara a ampliación do territorio da pintura a obras non realizadas con materia pictórica que, non obstante, maniféstanse en consonancia con esa tradición e establecen relacóns de permeabilidade con outros medios.</p> <p>É na relación de complementariedade onde con frecuencia se polarizan sínteses de pensamento por pares de oposición retórica, ao estilo de: teoría e práctica, intelectual e técnico, distante e próximo, frío e emotivo, racional e místico, obxectivo e subxectivo, reflexivo e espontáneo, etc., desde onde se proporá abordar os aspectos relativos á natureza conceptual, formal e material da pintura así como tamén establecer a relación de diferencia que vai desde a representacionalidade como reproducción icónica (fotográfica, por exemplo) da realidade ata a obxectualidade, ben matérica, ben enunciativa (abstracción) como realidade mesma.</p> <p>Esta materia desenvolve a aprendizaxe teórica e práctica no propio exercicio da producción pictórica.</p>			

Competencias de titulación

Código

A5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaaxe da arte
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaaxe creativa específica
A9	Coñecemento de métodos de producción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou producción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaaxe artística
A14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaaxe artística
A31	Capacidade para xerar e xestionar a producción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias

- A33 Capacidad de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvimento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
- A42 Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
- A43 Habilidade para establecer sistemas de producción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento dos xéneros e tendencias do panorama actual da arte desde unha perspectiva pictórica.	A5 A6 A7
Coñecemento dos materiais e útiles propios da práctica pictórica.	A12 A14
Coñecemento dos procedementos aplicados á creación pictórica.	A9 A12
Coñecemento de métodos de producción pictórica.	A9 A12
Coñecemento do vocabulario e do código pictóricos.	A6 A7
Capacidade para entender a pintura no contexto das artes.	A5 A6 A7
Capacidade para o manexo básico de útiles e materiais pictóricos.	A31 A32
Capacidade para xerar e xestionar de xeito básico unha imaxe pictórica.	A31 A32
Capacidade básica para integrar distintas disciplinas na producción de imaxes.	A31 A33
Habilidade para construír unha pintura nas súas diferentes técnicas nun nivel básico.	A42 A43
Habilidade para xerar sistemas de producción pictórica nun nivel básico.	A42 A43
Habilidade básica para integrar diferentes disciplinas na producción de imaxes.	A42 A43
Habilidade para a utilización de materiais non pictóricos na producción de imaxes.	A42 A43

Contidos

Tema

- Natureza conceptual, formal e material da pintura. Breve consideración de antecedentes referidos a movementos históricos de ruptura convertidos en referentes paradigmáticos, por exemplo: romanticismo, realismo, expresionismo, cubismo, abstracción, surrealismo, etc.	-Comprobación da relación entre conceptualidade e formalidade na obra de artistas tamén de referencia, como Malevich ou Magritte.
- Desenvolvimento do vocabulario pictórico e o sistema de categorías asociadas á disciplina pictórica: introducción aos xéneros pictóricos. Paisaxe, retrato, natureza morta, etc.	-Manexo de fontes documentais da imaxe. O coñecemento a través de imaxes producidas por outros (coñecemento vicario), imaxes artísticas, fotografías e técnicas. A instrumentalización destas imaxes, a cita, o apropiacionismo, etc. A fotografía como referente documental, técnico e discursivo.
- O trazo, a pegada e o xesto na pintura. Os signos indíxicos como sinais inefables na fotografía e nalgúns procesos abstractos.	- A falta de referencialidade icónica e outros sistemas e recursos cara a discursividade: a arquitectura, o deseño, a música, etc.
- Dimensións materiais, simbólicas e culturais dos soportes e formatos. Connotacións dos materiais.	-Natureza dos referentes artísticos que componen o imaginario popular en soportes e formatos. Relación cos referentes que se establecen no imaginario de iniciados.
- Introdución ao espazo pictórico: espazo ilusionista, espazo descontinuo, espazo pantalla, espazo fragmentado e outras consideracións.	- Valoración da realidade: diferenciación, xeneralización, punto de vista, distancia, as partes e o todo, orde e caos, definición e verosimilitude.
-Conceptualidade e formalismo, e a súa relación dialéctica.	-Desenvolvimento dos aspectos ligados á pintura como obxecto e como representación.
- Emotividade e distancia, dous parámetros que interactúan.	-Emotividade e distancia noutras disciplinas: música, teatro, etc.

- Desenvolvemento dos aspectos de organización -A composición en relación á textura e á indicialidade. e composición pictórica. Consideración das tendencias compositivas. A composición e a abstracción.
- Valores culturais na comunicación. -Análise e lectura da obra pictórica.
Discursividade e carga ideolóxica (retórica).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	6	10
Presentacións/exposicións	8	12	20
Traballos de aula	40	60	100
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	6	10
Debates	4	6	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introdutorias	Desenvolver o sentido da materia para que a aprendizaxe sexa unha actividade significativa para o alumno e poida ter un alcance do programa cos seus obxectivos e contidos. Espazo que atende á función de darlle coherencia aos fundamentos de natureza teórica dirixidos á producción artística crítica.
Presentacións/exposicións	Espazo para a exposición de propostas de trabalho que supón establecer a relación íntima entre teoría e producción artística, ao tempo de estimular a capacidade de ordenación argumental, así como a verbalización de conceptos e pensamento. Consideración da corrección e pertinencia das propostas de trabalho recibidas de cada alumno, así como de establecer o ordenamento dos procesos de producción.
Traballos de aula	Espazo para establecer relacóns entre o coñecemento novo e o que xa posúen o alumno e máis o grupo na consideración de que o coñecemento non é un produto individual, senón social. Espazo material de producción mediante recursos para a comprobación que atenden ás resolucións técnicas que definen o oficio. Abrir o proceso de correlación entre presupostos teóricos, ideolóxicos, discursivos, etc., e os aspectos de materialidade formal.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Visionado de películas con contido relativo ás propostas teóricas e de producción propias da materia. Exercicios teóricos por escrito tipo test ou como comentarios sobre libros ou textos propostos na bibliografía.
Debates	Espazo para a argumentación e verbalización crítica de aspectos controvertidos, teóricos e sociais que se dean no ámbito ideolóxico, conceptual ou plástico, relativos á natureza do exercicio e á súa producción artística. Vai dirixido á participación colectiva.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos de aula	Definir os contidos de aprendizaxe atendendo ao punto de vista dos obxectivos e da capacidade do alumno, para lle facer significativa a materia na súa exposición, de maneira individualizada ou en pequenos grupos, de cara a un desenvolvemento harmónico co conxunto do grupo. En obradoiros, observar individualmente o proceso produtivo de cada alumno mediante a análise crítica dos procedementos e da discursividade dos medios desenvolvidos cara a un resultado coherente cos obxectivos establecidos.

Avaliación

	Descripción	Cualificación
Traballos de aula	Consistirá na avaliación continua no transcurso da docencia da materia. Valoraranse os seguintes aspectos: a evolución persoal, os procesos de desenvolvemento coherente das problemáticas xurdidas a partir do encontro creativo coas premisas teóricas e máis cos soportes técnicos abordados, a participación activa e o seguimento da materia, así como a actitude no obradoiro relativa á asistencia, puntualidade e aceptación da normativa dos procesos propostos desde o profesorado. O interese é o criterio personalizado nas diferentes actividades de estudio, creación, participación e análise da materia. Realizarase unha parte importante da cualificación final a partir dos resultados acadados na entrega dos distintos traballos (prácticos e teóricos) estipulados ao comezo e no transcurso da materia.	Pruebas escritas (ensayo, pruebas objetivas, resolución de problemas, pruebas de respuesta breve, pruebas tipo test, etc.) 10% Trabajos y proyectos 50%

Resolución de exercicios	Atenderá ao apropiado nas respostas en tests e comentarios, así como á problemática e/ou precisión no léxico e na capacidade argumental.	Asistencia y participación en comentarios 5%
	A avaliación considerará a asistencia aos visionados cinematográficos pola incidencia que estes terán no alcance teórico da materia e pola eventual aplicación en exercicios prácticos.	
Debates	Considerarase a pertinencia da participación nos debates, a achega de criterios fundamentados e a implicación.	Participación en los debates 10%

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para se presentar á segunda convocatoria é imprescindible achegar todos os traballos realizados ao longo do curso e estar en disposición de dar resposta a algún test por escrito no caso de non ter asistido aos controles teóricos, visionados cinematográficos, etc. que eventualmente se fixeran no cuadrimestre.

O exame propiamente dito terá en conta o tempo de que dispón o alumno para a súa execución. Para axilizar o seu desenvolvemento, o enunciado da proba pendurarase no taboleiro do curso, polo menos, unha semana antes.

O alumno que non estea presente quince minutos despois da hora establecida para o comezo do exame, será considerado non presentado.

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 14 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

Bibliografía. Fontes de información

BARTHES,R., **La cámara lúcida**, Paidós,,
 BACIN,A.,, **¿Que es el cine?**, Ediciones Rialp,,
 BENJAMIN,W.,, **Sobre la fotografía**, Pre-Textos,,
 CARRERE,A.ySABORIT,J., **Retórica de la pintura**, Cátedra,
 DUBOIS,P.,, **El acto fotográfico**, Paidós,
 ECO,U.,, **La estructura ausente**, Lumen,
 GREENBERG,C.,, **Arte y cultura**, Gustavo Gili,
 KRAUSS,R.,, **La originalidad de la vanguardia y otros mitos modernos**, Alianza Forma,
 PULTZ,J.,, **La fotografía y el cuerpo**, Akal,
 SONTAG,S.,, **Sobre la fotografía**, Edhasa,
 ZUNZUNEGUI,S.,, **Pensar la imagen**, Cátedra,
 VV.AA., **Nuevas Abstracciones**, Museo Nacional Reina Sofía,

BARTHES, R., *La cámara lúcida*, Paidós, 1994

BAZIN, A., *¿Qué es el cine?*, Ediciones Rialp, 1990

BERGER, J., *Mirar*, Gustavo Gili, 2001

CARRERE, A. y SABORIT, J., *Retórica de la pintura*, Cátedra, 2000

GREENBERG, C., *Arte y cultura*, Gustavo Gili, 1979

KRAUSS, R., *La originalidad de la vanguardia y otros mitos modernos*, Alianza Forma, 1996

PULTZ, J., *La fotografía y el cuerpo*, Akal, 2003

SONTAG, S., *Sobre la fotografía*, Edhasa, 1981

ZUNZUNEGUI, S., *Pensar la imagen*, Cátedra, 1995

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Arte. Arte E Modernidade/P01G010V01401

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Arte. Arte E Modernidade/P01G010V01401

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Arte, Linguaxe E Representación/P01G010V01303

Outros comentarios

Recoméndase, de maneira específica e prioritaria, a asistencia e puntualidade nas clases presenciais.
